

## **INSTRUCCIÓNS PARA SOLICITAR AS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” PARA ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO (EOIV), ANO 2025**

---

### **1. COMO SOLICITAR A BOLSA E ONDE TEÑO QUE PRESENTALA:**

---

Entra na web "<https://escolas.vigo.org/bolsaseoiv>" cubre on line o Formulario de Solicitud de bolsa e asinao. É necesario rexístralo para que sexa unha solicitude válida. Hai 2 vías de rexistro:

- **Rexistro telemático (preferente)**- Entrando na sede electrónica do Concello en "<https://vigo.org/solicitud-bolsaseoiv>" e anexando o Formulario de Solicitud debidamente asinado.

- **Rexistro presencial**- Presentando o formulario de Solicitud no Rexistro Xeral do Concello previa cita no 010 / 986 810 260 / 986 810 100 ou na web "[citaprevia.vigo.org](http://citaprevia.vigo.org)" (Luns a Venres entre 9-13,30h).

A documentación que corresponda presentar en cada caso, podera achegarse electrónicamente mediante o seu escaneado no lugar indicado no Formulario de Solicitud, no rexistro telemático, ou ben presentar fisicamente en papel no momento de realizar a solicitude presencial.

**IMPORTANTE:** É imprescindible rexistrar o Formulario de Solicitud no Rexistro Xeral do Concello de Vigo (telemática ou presencialmente) ou en calquera dos lugares establecidos no art. 16,4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas. De non ser así, non se considerará unha solicitude válida.

### **2. REQUISITOS DO ALUMNO/A SOLICITANTE:**

---

- a. Estar empadroadado no Concello de Vigo (vixencia mínima 01/01/2024).
  - b. Ter a maioría de idade legal de 18 anos na data de fin do prazo de presentación da solicitude de bolsa.
  - c. Estar matriculado/a na sede central da EOIV ou en calquera das súas seccións nos niveis que recollen as bases da convocatoria nos idiomas inglés, francés, alemán, italiano, portugués, xaponés ou chinés no curso 2024-2025.
  - d. Ter aprobado un curso oficial presencial ou semipresencial na EOIV nos últimos 3 cursos académicos no idioma no que solicita a bolsa.
  - e. Non ter residido nun país de fala do idioma en que se concede a bolsa durante máis de 12 meses, nos últimos 10 anos.
  - f. Non ter sido beneficiario/a dunha bolsa municipal para estancias lingüísticas no estranxeiro para alumnado da EOIV nas anteriores edicións no mesmo idioma, ou nos últimos tres cursos académicos nun idioma diferente.
  - g. Non ter gozado nos últimos tres anos dunha axuda para un programa similar ou coa mesma finalidade.
  - h. Que se atopan ao corrente das súas obrigas coa AEAT / ATRIGA / SS / Concello de Vigo.
  - i. Non estar incurso/a nalgún dos supostos de prohibición ou circunstancias previstas no art. 13 da LXS que impiden acadar a condición de beneficiario/a.
  - j. Estar situado nun lugar da orden de prelación de solicitudes que lle permita a obtención dunha das bolsas convocadas
-

## **INSTRUCCIÓNS PARA SOLICITAR AS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” PARA ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO (EOIV), ANO 2025**

---

### **3. DOCUMENTACIÓN QUE TES QUE PRESENTAR:**

---

- **Formulario de Solicitud de bolsa** unha vez cuberto on line e asinado.
- Certificación académica orixinal emitida pola EOIV.
- DNI/NIE do alumno/a, ou autorización de residencia.
- Pasaporte do alumno/a (no seu caso).
- DNI / NIE ou autorización residencia membros unidade familiar que computen na renda.
- Libro familia completo.
- Título de Familia Numerosa (no seu caso).
- Título de Familia Monoparental (no seu caso).
- Certificado de discapacidade (no seu caso).
- Certificado situación desemprego do Servizo Público de Emprego Galego - SPEG (no seu caso).
- Informe da Vida Laboral da TXSS (no seu caso).
- Certificado bancario IBAN do/a solicitante.
- No caso de opoñerse á consulta automática do Concello, deberá presentar última declaración de facenda e volante de empadronamento.

### **4. PRAZO DE PRESENTACIÓN SOLICITUDES**

---

**O prazo de presentación de solicitudes será dende o mércores 26 de febreiro ao mércores 12 de marzo de 2025, ámbolos dous incluídos.**

Logo do proceso de baremación, as listas de solicitudes adxudicadas, denegadas ou en lista de agarda serán publicadas nas webs “[escolas.vigo.org/bolsaseoiv](http://escolas.vigo.org/bolsaseoiv)” e/ou “[www.eoidevigo.org](http://www.eoidevigo.org)”.

Os/as alumnos/as aos que se lles adxudiquen as bolsas definitivamente, previo acordo adoitado pola Xunta de Goberno Local, deberán presentar, no prazo de 5 días contados a partir do día seguinte da data de publicación na páxina web municipal da concesión das bolsas:

- Aceptación expresa da bolsa vía telemática, segundo as instrucións que se indicarán no seu intre.

### **5. INFORMACIÓN E CONSULTAS**

---

- Servizo de Educación do Concello de Vigo – Andar 11º 36201 Vigo  
Teléfono: 986810181 (horario de 09:00 a 13:30 hs) E-mail: “[vigoeningles@vigo.org](mailto:vigoeningles@vigo.org)”
- **Teléfono de Atención Cidadá** Desde Vigo 010 / Desde móbil ou fóra de Vigo 986810260 / Luns a Venres de 8:00 a 20:00 hs e Sábados de 10:00 a 14:00 hs

Estas instrucións son meramente informativas. En calquera caso prevalecerán as Bases e Convocatoria das Bolsas “Concello de Vigo” para alumnado EOIV correspondentes ao ano 2025, aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na súa sesión do 21/02/2025, (Expte. 98684/332), que se poden descargar nas webs indicadas.